



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 - Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

OBRADOIRO DE NADAL CONCELLO DE CARRAL

Este ano queremos que o alumnado participe na elaboración dos decorados de Nadal dos centros escolares. Para eso, desde o Concello de Carral invitamos a participar nun **taller de elaboración de decoración de Nadal** con **material de refugallo** coa presenza de monitores.

8 DE DECEMBRO

HORARIO: 16.00-20.00 (dependendo do número de asistentes poderán realizarse quendas)

LUGAR: CARPA NO CAMPO DA FEIRA

Acceso gratuíto con inscrición previa (como medio de control da Covid-19) no departamento de Educación a través do correo electrónico educacion@carral.es ou no WhatsApp 678 33 88 72 poñendo nome, apelidos e idade dos participantes.

Inscrición do 29 de novembro ao 2 de decembro por orde rigorosa de entrada.

Se hai prazas poderán anotarse o mesmo día da actividade.

Cada participante pode levar material de refugallo ese día para traballar con el (rolos de papel, la, cordóns, botóns, botes baleiros, etc.) e despois poderán levar algún obxecto realizado por eles mesmos para a decoración do seu fogar.

A maiores desta actividade, o Concello levará a cabo un obradoiro de **olería** e, ademais, procederá ao **acendido da iluminación de Nadal**. Durante a xornada haberá tamén **animación musical** a cargo do **grupo de música tradicional Arnela**.

Animádevos a participar!